

períodos de tempo en que o persoal permanecese nalguna das seguintes situacións:

a) Situación de servizos especiais a que se refire o artigo 64 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

b) Permisos sindicais.

c) Excedencia por coidado de familiares.

d) Licenza por maternidade, incapacidade temporal e comisión de servizos.

Cuarto.-Prazo de presentación e modelo de solicitude.

Cada profesional deberá cubrir unha única solicitude a través da oficina virtual do profesional (Fides), axustándose necesariamente ao modelo establecido; unha vez cuberta a solicitude segundo se indica, deberá imprimir copia dela en papel e presentala, xunto coa documentación relacionada no punto anterior, a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, advertindo que na folla de solicitude debe figurar o selo de rexistro, quedando os orixinais en poder da Administración, que expedirá copia para o interesado. A solicitude deberá dirixirse á Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, e presentarse no prazo que se inicia ao día seguinte da publicación desta resolución no DOG e que remata o 30 de setembro de 2009.

Quinto.-Avaliación.

A dirección-xerencia do centro onde se atope en activo o profesional solicitante realizará un informe detallado sobre a participación nos resultados da actividade do centro, co resultado de favorable ou desfavorable. O informe referirase aos cinco anos anteriores á data da convocatoria ou tempo de servizos prestados no último destino.

As solicitudes serán avaliadas pola comisión técnica de avaliación de licenciados sanitarios, que realizará proposta de resolución favorable ou desfavorable.

O órgano de avaliación -comisión técnica de avaliación de licenciados sanitarios- emitirá proposta de resolución, dirixida á Dirección de Recursos Humanos, sobre a estimación ou desestimación do recoñecemento do grao III de desenvolvemento profesional.

No suposto de proposta de desestimación, a comisión técnica de avaliación dará traslado ao interesado para que realice alegacións ou presente o seu *curriculum* profesional.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2009.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

Resolución do 4 de xuño de 2009, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se inicia o procedemento para que determinado colectivo de persoal estatutario das categorías de diplomados sanitarios do Servizo Galego de Saúde solicite o recoñecemento do grao IV de desenvolvemento profesional.

De conformidade co acordo da mesa sectorial do 4 de xullo de 2006, sobre carreira profesional do persoal das categorías de diplomados sanitarios do Servizo Galego de Saúde, aprobado polo Consello da Xunta con data do 27 de xullo (DOG nº 155, do 11 de agosto), o persoal estatutario fixo das categorías de diplomados sanitarios, con praza en propiedade nos equipos das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde obtida con anterioridade ao remate dos procesos executados ao abeiro da Lei 16/2001, ao que lle resulte de aplicación o sistema retributivo da Lei 55/2003, do estatuto marco (transitoriamente Real decreto lei 3/1987, e normativa complementaria), pode acceder ao grao IV con efectos do 1 de xullo de 2009.

O dito acordo atribúe á comisión de seguimento a función de determinar, para a súa publicación, os méritos e baremos aplicables para o acceso aos sucesivos graos en atención ao nivel de implantación do sistema. Por outra parte, corresponde a este centro directivo iniciar mediante resolución o procedemento para o recoñecemento dos sucesivos graos no momento en que proceda consonte a secuencia temporal acordada.

Esta resolución ten por obxecto publicar o baremo e procedemento que se aplicará no proceso de acceso ao grao IV do colectivo anteriormente referido, así como abrir o prazo de presentación de solicitudes.

No que respecta ao baremo, será de aplicación o acordado na comisión de seguimento celebrada con data do 13 de maio de 2008, segundo o disposto na cláusula sétima da Resolución do 30 de maio de 2008, para o acceso ao grao III (publicada no DOG nº 111, do 10 de xuño), tendo en conta que son precisos un mínimo de 11 créditos para o recoñecemento do grao IV.

Con base no que antecede, coa aprobación da comisión de seguimento do acordo

RESOLVO:

Primeiro.-Obxecto.

De conformidade coa secuencia temporal establecida na cláusula 10 do Acordo do 4 de xullo de 2006, esta resolución ten por obxecto publicar o baremo e iniciar o procedemento para o recoñecemento do grao IV de carreira profesional a determinado colectivo de persoal estatutario das categorías de diplomados sanitarios, establecendo o prazo para a presentación de solicitudes.

Segundo.-Ámbito de aplicación e requisitos.

Poderá solicitar o recoñecemento do grao IV o persoal estatutario fixo, das categorías de diplomados sanitarios, con praza en propiedade nos equipos das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde obtida con anterioridade ao remate dos procesos executados ao abeiro da Lei 16/2001, que teña acreditado os requisitos para acceder ao grao III establecidos na Resolución do 30 de maio de 2008 (DOG nº 111, do 10 de xuño) e cumpra ou estea en condicións de cumprir, a 30 de xuño de 2009, os seguintes requisitos:

a) Ter prestados cando menos 25 anos de servizos, no réxime estatutario, na correspondente categoría. Para estes efectos computaranse igualmente os servizos, previos á resolución de integración no réxime estatutario, prestados baixo outro réxime xurídico; serán igualmente computados os servizos prestados en categorías para cuxo exercicio se requira a mesma diplomatura.

b) Estar en situación de activo ou asimilada (reserva de posto), de conformidade co establecido na Lei 55/2003, de 16 de decembro, do estatuto marco.

Terceiro.-Prazo de presentación e modelo de solicitude.

O profesional deberá cubrir unha única solicitude a través da oficina virtual do profesional (Fides), axustándose necesariamente ao modelo establecido; unha vez cuberta a solicitude segundo se indica, deberá imprimir copia en papel e presentala, xunto coa documentación relacionada na epígrafe seguinte, a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, advertindo que na folla de solicitude debe figurar o selo de rexistro, quedando os orixinais en poder da Administración e expedindo copia para o interesado. A solicitude deberá dirixirse ao comité de avaliación (Diplomados Sanitarios) da institución sanitaria en que preste servizos, e presentarse no prazo que se inicia ao día seguinte da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e finaliza o 30 de setembro de 2009.

Cuarto.-Documentación que debe presentarse coa solicitude.

a) Certificado acreditativo dos 25 anos de servizos prestados.

Non será preciso presentar certificado de servizos prestados no caso do solicitante que teña prestado na institución de destino actual os 25 anos de servizos requiridos para o acceso. Noutro caso, o solicitante deberá presentar o certificado ou certificados, emitidos polos centros correspondentes, que sexan precisos para completar o dito período.

b) Autoavaliación/relación de méritos.

A autoavaliación/relación de méritos deberá axustarse necesariamente ao modelo habilitado para

estes efectos na oficina virtual do profesional (Fides) e deberá ser cuberto e presentado xunto coa solicitude, de conformidade co procedemento establecido na disposición terceira.

O nivel de desempeño da actividade profesional será autoavaliado tendo en conta o posto que se desempeña actualmente e os servizos prestados no mesmo co límite máximo de 5 anos ata a data da convocatoria.

c) Documentación acreditativa dos méritos correspondentes ás actividades acreditadas: formación continuada; actividade docente; compromiso coa organización. Deberanse xuntar os diplomas ou certificacións acreditativas correspondentes.

O solicitante poderá presentar a documentación que considere oportuna á vista do baremo (téñase en conta que con 11 créditos se acada a avaliación favorable).

Quinto.-Baremo.

Avaliaranse os seguintes aspectos da actividade e desenvolvemento profesional:

-Cumprimento dos requirimentos básicos profesionais.

-Actividades acreditadas: formación continuada, actividade docente, compromiso coa organización.

A avaliación superárase coa obtención de 11 créditos.

1. Nivel de cumprimento dos requirimentos básicos profesionais (ata 8 créditos).

Para superar a avaliación atenderase, en primeiro lugar, ao nivel de cumprimento dos requirimentos básicos da actividade dos profesionais.

Con base na facultade prevista no punto 3 da cláusula 6 do Acordo do 4 de xullo de 2006, e na procura de que os requirimentos sexan parangonables en todas as institucións sanitarias, o Servizo Galego de Saúde determinou os requirimentos xerais da actividade profesional que, xunto á continuidade no cumprimento dos establecidos para o grao III, serán especialmente considerados e con maior incidencia na avaliación para o acceso ao grao IV. Estes requirimentos figuran publicados como anexo III na Resolución do 30 de maio de 2008, citada anteriormente.

A avaliación será realizada e asinada no espazo correspondente do anexo II -sempre con posterioridade á presentación da solicitude- polo/a correspondente supervisor/a ou coordinador/a, ou director/a de enfermaría, no seu defecto, que cualificará o nivel de cumprimento como baixo, normal ou alto; se isto non resulta posible, a avaliación será asinada por un representante da institución no comité de avaliación.

No proceso de avaliación destes requirimentos atenderase ás peculiaridades do centro de destino e/ou do posto desempeñado.

O nivel avaliado de cumprimento outorgará ao solicitante as seguintes puntuacións: nivel baixo (6 créditos); nivel normal (7 créditos); nivel alto (8 créditos).

2. Actividades acreditadas (valoraranse ata 5 créditos).

a) Formación continuada para a actividade profesional: valorarase, en todo caso, a asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola comisión de formación continuada do Sistema Nacional de Saúde, ou pola comisión autonómica, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría.

Valoraranse tamén os cursos finalizados con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2000, relevantes para o desempeño das correspondentes funcións, que se inclúan nalgún dos seguintes grupos:

-Cursos convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, Inem, Cruz Vermella, colexios oficiais de diplomados sanitarios, organizacións sindicais ou avalados polo Servizo Galego de Saúde.

-Cursos realizados ao abeiro do acordo de formación continua das administracións públicas ou do Plan de formación continua do Servizo Galego de Saúde.

Para a formación universitaria posgraduada non se terá en conta a citada data de referencia (1 de xaneiro de 2000).

Os cursos valoraranse por créditos. De non figuren créditos, a equivalencia será por cada 10 horas 1 crédito.

b) Actividade docente acreditada:

-Docencia en cursos acreditados para diplomados sanitarios polo sistema acreditador de formación continuada dos profesionais sanitarios: a puntuación resultará dos créditos asignados ao curso, e á correspondente participación individual en número de horas. A equivalencia será por cada 10 horas 1 crédito.

-Docencia de pregrao, posgrao e formación de residentes de especialidades de enfermaría (1 curso=3 créditos).

c) Compromiso coa organización:

Valoraranse as actividades realizadas desde o 1 de xullo de 1995.

-Asistencia e participación en comisións oficiais ou grupos de traballo con funcións que redunden na mellora da prestación do servizo:

-Comisións oficiais (1 crédito por ano de pertenza).

-Grupo de traballo (1 crédito por cada 20 horas, máximo 1 crédito por ano).

-Elaboración de protocolos e proxectos de mellora (1 crédito por cada actividade ou protocolo).

-Exercicio de funcións de dirección, xefatura, coordinación e supervisión (1 crédito por ano).

-Participación en actividades científicas, comunicacións, relatorios, redes de investigación, publicacións e proxectos de investigación:

-Póster, comunicación e/ou mesa redonda (0,50 créditos).

-Relatorios e/ou publicacións (1 crédito por cada unha).

-Proxecto de investigación (financiado) (5 créditos por cada un).

-Publicar un libro (5 créditos).

Sexto.-*Proceso de avaliación e propostas de resolución.*

a) Os comités de avaliación, unha vez realizada a avaliación do nivel de cumprimento dos requirimentos básicos profesionais de conformidade co establecido na disposición quinta, e valorando as actividades acreditadas cando e na medida que sexa procedente para superar a avaliación, dirixirán a este centro directivo proposta favorable de recoñecemento do grao IV respecto aos solicitantes que acaden os 11 créditos precisos.

Coa dita proposta remitirase certificación sobre a presentación da solicitude en prazo e sobre o cumprimento dos requisitos básicos establecidos na disposición segunda desta resolución.

b) Os comités remitirán á comisión técnica de avaliación (Diplomados Sanitarios), con sede nas dependencias deste centro directivo, as solicitudes e documentación anexa nos seguintes supostos:

-Cando se trate de solicitantes que, tendo recoñecido o grao III, permanecesen desde xullo de 2008 en situacións que impliquen desvinculación da actividade asistencial.

-Cando se trate de solicitantes que non superen a avaliación, non reúnan os requisitos básicos para o recoñecemento do grao ou se aprecie calquera impedimento para o dito recoñecemento.

-Calquera outro suposto en que, por causas debidamente motivadas, consideren que o solicitante non pode someterse ao sistema xeral de avaliación dos propios comités.

c) A comisión técnica de avaliación formulará as súas propostas sobre recoñecemento de grao con base en criterios de xeral aplicación previamente fixados. En todo caso, calquera proposta de desestimación do recoñecemento, baseada nunha avaliación negativa do nivel de desempeño, virá precedida

dun período de alegacións habilitado para que o/a profesional presente as alegacións que considere oportunas e/ou o seu *curriculum* profesional.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2009.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Orde do 4 de xuño de 2009 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, mediante Orde do 7 de maio de 2009 (DOG nº 94, do 15 de maio), de conformidade co establecido nas bases quinta e sexta da referida orde, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicarlle destino, no posto de traballo que se indica, ao funcionario que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual do funcionario que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente o funcionario preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro en que cause baixa o funcionario, así como daquel en que obteña praza, consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das cales se lle dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co

establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

NRP: 3324081457 A2060.

Grupo: A.

Apelidos e nome: Martínez Carro, José Antonio.

Posto de traballo: subdirector xeral de Contratación.

Nivel: 30.

Código do posto: PR.C02.00.006.15770.001.

Centro directivo: Secretaría Xeral.

Localidade: Santiago de Compostela.

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 29 de maio de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo procedemento abreviado 181/2009 E, interposto por Ángel Casas Pérez.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu do Xulgado do Contencioso-Administrativo número dous de Ourense providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.A. 181/2009 E, interposto por Ángel Casas Pérez, contra a Resolución do 20 de marzo de 2009, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se desestima o recurso de alzada formulado contra a Resolución do 27 de xaneiro de 2009 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso na categoría 063 (oficial 1ª condutor/a// condutores/as 1ª e outros) do grupo III do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polo sistema de acceso libre, pola que se lle dá publicidade a diversos acordos relacionados co proceso selectivo.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo ao referido xulgado, o que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento e se emprazan para que poidan comparecer como parte nos autos no Xulgado do Contencioso-